31 Red de Gobiernos Locales + Biodiversidad de la FEMP
32 Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo
33 Sección de EELL con aguas minerales y termales de la FEMP

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Fundacións en cuxos padroados ten representación a Deputación:

1 FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA.
Actividades: Preservar a memoria e a obra do escritor (actividades literarias, culturais, museo, etc.).

2 FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA. (Padroado).
Actividade: Promoción, sostemento e funcionamento dun Centro Universitario de estudos en Ciencias do Traballo, Recursos Humanos e Relacións Laborais adscrito á Universidade da Coruña.

3 FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL.
Actividades: Fomentar o estudo e difusión do conxunto da obra de Eugenio Granell e converterse nun lugar de promoción e creación cultural.

4 FUNDACIÓN EXPONAV.
Actividade: A Fundación para o Fomento do Coñecemento da Construción Naval e das Actividades Marítimas foi constituída co fin de organizar unha exposición pública sobre construción naval que, de maneira histórica, presentase a evolución da arquitectura, a construción e a explotación de buques ao longo dos últimos séculos.

5 FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA.
Actividade: Promover accións que propicien o achegamento de Galicia a Europa.

6 FUNDACIÓN PRIVADA DEMOCRACIA E GOBERNO LOCAL.
Actividade: Contribuír e dar soporte a todo tipo de actuacións e de iniciativas para o coñecemento, o estudo, a difusión e o asesoramento en materia de réxime local.

7 FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER.
Actividades: Preservar a memoria e a obra do escritor Gonzalo Torrente Ballester (actividades literarias, culturais, exposicións etc.).

8 FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA - FUAC
Actividades: Promoción e desenvolvemento das actividades propias da Universidade da Coruña e as súas relacións coa sociedade.

9 FUNDACIÓN TERRA DE TRASANCOS
Actividades: Obra social, en especial o seu local Fogar de Maiores, onde se imparten diversas actividades e ofrécense múltiples servizos profesionais. Promoción social, cultural e económica da súa área de influencia.

10 FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO.
Actividade: Fomentar e difundir o culto á memoria de Rosalía de Castro, de Manuel Murguía e dos seus fillos; conservar o conxunto de Cásaa-Museo de Rosalía; conservar e incrementar o patrimonio rosaliano dispóndoo do mellor modo para que poida ser contemplado e estudado; coidar do mausoleo de Rosalía sito San Domingo de Bonaval; e celebrar actos en conmemoración das datas rosalianas.

11 FUNDACIÓN GONZALO LÓPEZ ABENTE

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Actividade: Promover e difundir o coñecemento da vida e da obra de Gonzalo López Abente, así como doutros poetas e escritores que realicen a súa obra, en todo ou en parte, en lingua galega. Considérase importante a necesidade de recuperar e promocionar unha figura de enorme calidade literaria e importancia histórica como é Gonzalo López Abente.
Ademais da finalidade principal da Fundación, hai un obxectivo engadido como é o interese xeral ao redor da mellora da vida cultural no Concello de Muxía e en toda a zona, xa que a Fundación López Abente, sería un foco de irradiación de vida cultural.

O Xefe de sección de organización: José Luis García Cotarelo

(Documento asinado electrónicamente)

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Deputación DA CORUÑA

Memoria do exercicio 2025

2. Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración

2.1. Xestión indirecta de servizos públicos:

Durante o exercicio 2025 non houbo ningún servizo público xestionado de forma indirecta pola Deputación.

2.2. Convenios significativos do ano 2025:

A información relativa aos convenios, obxecto, prazo e transferencias ou subvencións comprometidas durante a vida do convenio, foi remitida ao Tribunal de Contas, a través dos apartados Convenios e Xestión de Convenios existentes no portal https://rendiciondecuentas.es/

2.3. Actividades Conxuntas. Convenio de colaboración para a xestión compartida do Teatro Colón

O 13 de xuño de 2018, formalízase en documento administrativo número 39/2018 o convenio de cooperación citado, entrando en vigor o 2 de xullo de 2018.

Para o exercicio orzamentario do 2018 a contraprestación da Deputación Provincial consignouse na aplicación 0112/3335/46201 e ascendeu á cantidade de 500.000,00 €, a fin de financiar o CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (CIF Q1500358E) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN.

O 14 de agosto de 2020, formalizouse en documento administrativo número 47/2020, o convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), CIF Q1500358E, do Concello dá Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón, cunha vixencia do 2 de xullo de 2020 ao 31 de decembro do 2020.

O 29 de decembro de 2021, firmase un novo convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o IMCE, do Concello da Coruña, para a xestión compartida do Teatro Colón, formalizado en documento administrativo número 104/2021, e cunha vixencia do 1 de xaneiro do 2022 ata o 31 de decembro do 2023.

O 28 de decembro de 2023 asínase a prórroga do convenio 104/2021, cunha vixencia do 1 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro do 2024. Formalízase en documento administrativo número 119/2023 e nos mesmos termos que o convenio orixinario.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Mediante acordo plenario de 20 de decembro de 2024, aprobouse a prórroga do convenio 104/2021 cunha vixencia do 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro do 2025. Formalizándose en documento administrativo nos mesmos termos que o convenio orixinario

Este convenio ten por obxecto:

"O presente convenio ten por obxecto regular a relación de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o IMCE, organismo autónomo pertencente ao Concello da Coruña, por medio do cal a Deputación e o IMCE comparten a xestión e utilización do Teatro Colón, para que o teatro quede plenamente integrado na rede pública de espazos culturais municipais, compartíndose a programación das actividades a desenvolver de acordo coas bases que se establecen deseguido, así como reservándose a utilización do espazo pola propia Deputación en determinados días, para a realización de actos propios e para a posible cesión aos concellos da Provincia e ás entidades sen ánimo de lucro".

Os compromisos económicos adquiridos pola Deputación Provincial son:

Financiamento dos gastos

1.- Na súa condición de titular do servizo público, a Deputación achegará para a xestión do Teatro Colón a cantidade máxima de 500.000,00 € anuais, de acordo coa seguinte distribución:

- 350.000,00 € que aboará ao IMCE en concepto de custo da programación: no que se inclúen os gastos de:
    - Persoal de xerencia do Teatro.
    - Espectáculos e actividades, incluído mantemento do piano.
    - Persoal de asistencia técnica de equipamento escénico.
    - Transmisión de eventos a través de vídeo streaming.
    - Difusión e publicidade dos espectáculos.
    - Venda de entradas e persoal de sala.
    - Seguros dos espectáculos.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

- Limpeza do Teatro.

- 150.000,00 € destinados a facer fronte aos custos de mantemento: no que se inclúen os gastos de:
  - Mantemento de ascensores
  - Mantemento de instalacións térmicas, aire acondicionado, ventilación, extracción, auga quente sanitaria
  - Mantemento de instalacións eléctricas
  - Mantemento de instalacións de protección contra incendios (PCI) e equipos electrónicos
  - Mantemento do equipamento escénico
  - Mantementos diversos: fontanería, saneamento, carpinteiría, cerraxería.
  - Mantemento do sistema de transmisión de eventos a través de vídeo streaming.
  - Subministro de auga e enerxía eléctrica.

- A Deputación abonará ao IMCE o importe correspondente ao custo da programación.

En relación cos investimentos, consultado o servizo de arquitectura e mantemento, prevención de riscos laborais e o servizo de informática, non constan gastos que proceda dar de alta no inventario por tratarse de gastos de inversión.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Deputación DA CORUÑA

Memoria do exercicio 2025

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

3. Bases de presentación das contas.

1. Imaxe fiel.

A Conta xeral da Deputación de 2025 cumpre con todos os requisitos necesarios para considerar que fornece información útil para tomar decisións económicas, constituíndo o medio para a rendición de contas da entidade polos recursos que lle foron confiados, cumprindo en todo caso coa imaxe fiel como se verá a continuación:

a) Requisitos da información incluída na conta:

- **Claridade:** a información é clara na medida que calquera destinatario dela pode comprender o seu significado

- **Relevancia**: contén información útil para a avaliación de sucesos.

- **Fiabilidade:** a información da conta é completa e obxectiva, prevalecendo o fondo económico das operacións sobre a súa forma xurídica. Así mesmo, é prudente nas estimacións e valoracións efectuadas en condicións de incerteza.

- **Comparabilidade**: pódese establecer a súa comparación con outras entidades similares, así como coa información da propia entidade correspondente a exercicios anteriores, sen prexuízo das conciliacións levadas a cabo en 2015 como consecuencia do arranque dunha nova instrución de contabilidade.

b) Principios contables públicos aplicados

- **Principios contables de carácter económico patrimonial:**

  - **Principio de xestión** continuada: dado o tipo de entidade en que nos atopamos, é evidente o cumprimento do presente principio.

  - **Principio de devengo**: esta entidade efectúa a imputación temporal de gastos e ingresos en función da corrente real de bens e servizos que estes representan, e non no momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada daqueles, cumprindo estritamente este principio de devengo.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

- Principio **de uniformidade:** con carácter xeral, os criterios na aplicación dos principios contables mantéñense nesta entidade desde a implantación do Plan xeral de contabilidade pública.

- **Principio de prudencia**: Tanto desde a perspectiva do ingreso como do gasto, esta entidade efectúa un estrito cumprimento do presente principio tal e como se pode desprender dos datos numéricos da Conta xeral.

- **Principio de non compensación**: os elementos integrantes das distintas partidas do activo e pasivo do balance son valorados separadamente sen efectuar compensacións entre eles.

- **Principio de importancia relativa:** a Deputación tentou achegar en todo momento e a través da contabilidade o máximo detalle de información, aínda que iso supoña, en moitas ocasións, maior tarefa e maior esforzo dos recursos. Así pois, o presente principio non é un dos máis utilizados por esta entidade como se deducirá da análise do resto dos principios.

– **Principios contables de carácter orzamentario:**

- **Principio de imputación orzamentaria**: a totalidade de gastos e ingresos orzamentarios do exercicio 2025 imputáronse de acordo coa súa natureza económica e con cargo, no caso de obrigacións, aos respectivos créditos do exercicio en que se realizou. Neste exercicio non se tramitou ningún expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

- **Principio de desafectación**: en xeral, os ingresos de carácter orzamentario financian a totalidade de gastos desta natureza sen que exista relación directa entre uns e outros, coa única excepción dos gastos afectados a ingresos específicos, cuxo seguimento e control se realiza a través dun módulo informático integrado no sistema contable xeral.

Conclusión: a información da Conta Xeral da Deputación de 2025, reflicte a imaxe fiel do patrimonio desta entidade así como de toda clase de operacións e resultados da actividade desenvolvida no exercicio, dentro do marco de cumprimento dos principios contables públicos que deben presidir todo sistema contable desta natureza.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Deputación DA CORUÑA

2. Comparación da información

A información recollida na Conta xeral de 2025 é comparable cos exercicios do período 2015-2023 (sendo 2015 o primeiro exercicio contable no que se aplicou a nova Instrución de contabilidade nas entidades locais. (Orde HAP/1781/2013 do 20 de setembro).

Se se queren efectuar comparativas con exercicios anteriores a 2015, haberá que ter en conta a conciliación de datos levados a cabo para o pase do exercicio 2014 a 2015 (readaptación de estruturas contables, nova parametrización das operacións afectadas polos cambios na normativa, táboas de equivalencias entre a información do exercicio 2014 e a do 2015... etc., proceso levado a cabo seguindo as instrucións publicadas para o efecto polo Ministerio logo da adaptación á casuística propia da Deputación).

3. Incidencias dos cambios en criterios de contabilización

Non existen

4. Información sobre cambios en estimacións contables

En 2025 non houbo cambios en estimacións contables.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Deputación DA CORUÑA

Memoria do exercicio 2025

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

4. NORMAS DE RECOÑECEMENTO E VALORACIÓN

Desde a posta en marcha da contabilidade por partida dobre no exercicio 1992 o seguimento do inmobilizado nesta entidade levouse a cabo da seguinte forma:

- Do 01/01/1992 ata o 31/12/2005: mediante unha aplicación propia que permitía o seguimento individualizado dos bens incluídos nas contas de inmobilizado e a dotación das correspondentes amortizacións.
- Do 01/01/2006 ata o 31/12/2010: mediante un módulo de Xestión de Activos, sen conexión coa contabilidade xeral, que permitía o seguimento individualizado dos bens, pero non a dotación de amortizacións.
- Desde o exercicio 2011 ata 31/12/2023: o seguimento das operacións de contido patrimonial lévase a cabo mediante unha aplicación de Xestión Patrimonial (GPA) que permite o reflexo directo das operacións con repercusión patrimonial así como as correspondentes dotacións de amortización.
- Durante o exercicio 2024 procedeuse a incorporar ao módulo de Xestión Patrimonial GPA, que ata ese exercicio era extrictamente contable, a información do inventario xurídico, o que implica que, a partir deste exercicio, a información que consta no módulo de Xestión Patrimonial é unha información integrada, que permite visualizar a información tanto desde o punto de vista xurídico como contable.

Durante o ano 2025 actualizouse en GPA a información dispoñible no Servizo de Patrimonio de tódolos seus epígrafes, agás o 7 Mobles non abranguidos nos anteriores enunciados. Durante 2026 o Servizo de Patrimonio prevé rematar a depuración da información contida en GPA neste epígrafe, de tal xeito que para a vindeira rectificación anual sexa posible obter de GPA a totalidade do inventario conciliado coa contabilidade.

A depuración realizada polo Servizo de Patrimonio neste exercicio deu lugar a un conxunto de altas, baixas e modificacións no aplicativo GPA, co conseguinte movemento nas contas do grupo 2.

Unha das depuracións realizadas no Inmobilizado intanxible vén motivada polo cambio de criterio de contabilización do software adquirido por esta Entidade, que pasa de rexistrarse no Inmobilizado intanxible a considerarse gasto, ao non cumprir as condicións de permanencia no tempo, nin constituír unha fonte de recursos do suxeito contable por tratarse unicamente de licenzas de uso.

O seguimento do inmobilizado en curso realízase a través do módulo de proxectos ata a súa activación, en cuxo momento se incorpora ao módulo de Xestión Patrimonial.

4.1.- Inmobilizado material

Feitas as excepcións anteriores, os bens comprendidos no inmobilizado material foron valorados da seguinte forma:

1. Os bens dados de alta con anterioridade ao exercicio 1992: polo valor polo que figuraban na Conta de Administración de Patrimonio do exercicio 1991.
2. Os bens dados de alta con posterioridade ao exercicio 1992:

    - Os adquiridos a título oneroso: ao prezo de adquisición ou ao custo de produción.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

- Os bens recibidos por transferencias e subvencións de carácter non monetario ou en especie ou en cesión: polo seu valor razoable.
- Os investimentos adicionais ou complementarios realizados sobre bens que xa figuraban dados de alta no Inventario contable: ao prezo de adquisición ou a custo de produción.

3. Con respecto ás infraestruturas, o apartado 3 da disposición transitoria primeira da Orde HAP/1781/2013 establece que, "fronte ao criterio xeral de que deben quedar rexistrados todos os activos e pasivos contemplados polo novo Plan contable, aqueles elementos patrimoniais que se rexistraban no subgrupo 20 "Investimentos destinados ao uso xeral" do Plan contable de 2004 e que se daban de baixa do activo ao entrar en funcionamento, poden non volver a darse de alta en contabilidade cando a valoración destes non sexa fiable".

   Da información que constaba no módulo de Xestión Patrimonial a 01/01/2015 non se podía deducir de forma fiable cales eran os investimentos realizados para cada estrada, con separación do valor do terreo do valor da construción, como consecuencia, non se podía determinar que parte da construción estaba amortizada e cal non.

   Coa finalidade de poder dar de alta á rede de estradas provinciais, separando o valor da Infraestrutura do valor do terreo, solicitouse dos servizos técnicos da Deputación unha valoración desta segundo o criterio de valor razoable. Tendo en conta que esta información no foi achegada, non se puido proceder a realizar o alta destes bens mediante o oportuno asento de axuste en partida dobre, polo que o 04/08/2016 decidiuse crear un único ben, o B-17.882 "Rede provincial de estradas", con valor igual a cero, no que se irían incorporando os investimentos realizados na mesma unha vez se foran recibindo as actas de recepción das obras.

   No ano 2020 decidiuse agrupar os investimentos nas estradas por exercicios, creándose un ben por exercicio.

   Durante o exercicio 2025 o Servizo de Patrimonio comezou a depuración das estradas provinciais dando de baixa aqueles apuntes que figuraban como investimentos, cando correspondían a conservación, e desagregando por estradas a información que figuraba agregada.

O método de amortización utilizado para o Inmobilizado material foi o método lineal, asignándose a vida útil de cada ben en función da clasificación do inventario na que figure encadrado.

4.2.- Patrimonio público do chan.

O subgrupo 24 "Patrimonio público do chan" non presenta ningún saldo nin movemento contable ao 31/12/2025.

4.3.- Investimentos inmobiliarios.

O subgrupo 22 "Investimentos inmobiliarios" non presenta ningún saldo nin movemento contable ao 31/12/2025.

4.4.- Inmobilizado intanxible.

Os diversos elementos comprendidos no inmobilizado inmaterial foron valorados polo seu prezo de adquisición ou custo de produción.

O inmobilizado inmaterial desta entidade está formado por:

- Propiedade industrial e intelectual (conta 2030)- Figuran nesta conta as marcas rexistradas co nome do Pazo de Mariñán, polo seu prezo de adquisición.
- Aplicacións informáticas (conta 2060).- Figuran nesta conta catro licenzas de uso que quedaron sen depurar no exercicio 2025, depurándose no exercicio 2026.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

- Investimentos sobre activos en réxime de arrendamento ou cedidos (conta 2070).- Figuran nesta conta as obras de reforma realizadas sobre unha oficina de recadación cedida polo Concello de Corcubión, as melloras realizadas no Pazo de Arenaza cedido polo Concello de Oleiros e as melloras na construción do edificio destinado a plató virtual na cidade das TIC, polo seu prezo de adquisición.
- Outro Inmobilizado intanxible (conta 2090). Figura nesta conta o dereito de uso do Pazo de Arenaza, a cesión de uso para plató virtual do predio na cidade das TIC, o local cedido polo concello de Cerceda para oficina de transición enerxética, polo seu valor razoable, e o proxecto técnico de rede de auga potable para o polígono de Sabón, polo precio de adquisición.

O método de amortización utilizado para o inmobilizado intanxible foi o método lineal, asignándose a vida útil de cada ben en función da clasificación do Inventario na que figure encadrado.

4.5.- Arrendamentos e outras operacións de natureza similar.

Dentro dos arrendamentos e outras operacións de natureza similar hai que distinguir os arrendamentos financeiros dos arrendamentos operativos.

1. Arrendamentos financeiros: dentro do inmobilizado material desta entidade non figura ningún ben con esta forma de arrendamento.
2. Arrendamentos operativos: o arrendamento das oficinas de recadación de Ames, A Coruña, Ortigueira e Santiago imputáronse como gasto do exercicio 2025, mediante a súa imputación a conta 6210 “Arrendamentos e canons” polo importe da cota de arrendamento.

   Tamén imputáronse á conta 6210 “Arrendamentos e canons” no exercicio 2025 o arrendamento por renting dos vehículos do Parque Móbil,.

4.6.- Permutas.

As operacións de permuta realizadas en exercicios anteriores realizáronse sempre polo valor contable dos bens recibidos e entregados, axustadas no importe de calquera eventual entrega en efectivo transferida na operación, rexistrándose como beneficio ou perda as diferenzas na valoración entre os bens entregados e recibidos e o pago ou cobranza en metálico.

Durante o exercicio 2025 non se realizou ningunha operación de permuta.

4.7.- Activos e pasivos financeiros.

Os activos financeiros mantidos ata o vencemento comprendidos no subgrupo 26 “Outros investimentos financeiros a L/P”, están formados polas accións das sociedades mercantís Afigal e Tragsa.
As accións destas sociedades, que o 31/12/2025 figuran na conta 2600 “Investimentos financeiros a L/P en instrumentos de Patrimonio”, foron valoradas polo seu valor nominal:

- 4686 acciones de AFIGAL con un valor nominal de 120,20 € (Valor total = 563.257,20 €)
- 1 acción da empresa TRAGSA con un valor nominal de 8.039,00 €. (Valor patrimonial = 11.941,00)

Dentro do subgrupo 26 inclúese, ademais:

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

- Plan de aforro e investimento (PAI) e POS + 2019 , POS + 2020, POS + 2021, POS + 2022 y POS + 2023, para redución do endebedamento, destinados aos 93 concellos da provincia. Estes plans consisten en préstamos sen xuro e con dous anos de carencia, cun prazo de devolución de 10 anos. Figuran rexistrados na conta 2629 “Outros créditos a L/P".
- Créditos a L/P ao persoal. Estes créditos son anticipos de pagas ao persoal sen interese e cun prazo de devolución dun máximo de 40 mensualidades. Figura rexistrado na conta 2640 “Créditos a L/P ao persoal”

Con respecto aos pasivos financeiros, nas contas 1790 “Outras débedas a L/P” e 5290 “Outras débedas a C/P” figuran rexistradas, a custo amortizado, as débedas co Ministerio de Facenda por participación en tributos do Estado.

4.8.- Coberturas contables.

Durante o exercicio 2025 non se rexistrou ningunha operación por este concepto, nin se arrastra ningún saldo de exercicios anteriores.

4.9.- Existencias.

Durante o exercicio 2025 non se rexistrou ningunha operación por este concepto, nin se arrastra ningún saldo de exercicios anteriores.

4.10.- Activos construídos ou adquiridos para outras entidades.

Dentro do subgrupo 37 “Activos construídos ou adquiridos para outras entidades” figuran os Investimentos xestionados para outros entes valorados a custo de adquisición.
Os activos incluídos neste subgrupo permanecerán nel ata a súa regularización o fin de exercicio mediante a baixa das existencias iniciais e o alta das existencias finais.

4.11.- Transaccións en moeda estranxeira.

Durante o exercicio 2025 non se rexistrou ningunha operación por este concepto, nin se arrastra ningún saldo de exercicios anteriores.

4.12.- Ingresos e gastos.

- Créditos e demais dereitos a cobrar non orzamentarios: figuran rexistrados polo importe entregado.
- Débedas e demais obrigacións non orzamentarias: figuran no balance polo valor pendente de reembolso.
- Os dereitos orzamentarios a cobrar foron valorados:
    - Os dereitos a cobrar procedentes de ingresos de dereito público polo importe determinado no acto de liquidación que os xerou.
    - En canto aos dereitos de cobranza derivados de venda de bens patrimoniais o criterio a aplicar é o de rexistralos polo importe da contraprestación que se vai percibir pola venda, sen incluír os impostos legalmente repercutibles, nin os gastos satisfeitos por conta do debedor, os cales se integrarán noutras contas que se van cobrar non orzamentarias.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

- Obrigacións orzamentarias: figuran polo importe que se vai satisfacer, é dicir, pola cantidade que se vai pagar no momento do seu vencemento e que se formalizou no correspondente acto administrativo de aprobación do recoñecemento de obrigación, xerando un pasivo esixible contra a Entidade contable.
- Impostos sobre o valor engadido. Este imposto figura rexistrado da seguinte maneira
    - Importe soportado non deducible figura en Balance formando parte do prezo de adquisición dos bens de investimento ou de activo corrente, así como dos servizos, que foron obxecto das operacións gravadas polo imposto. (En 2025 non se rexistrou IVE soportado deducible)
    - Os créditos e débitos derivados dos importes repercutidos e dos soportados deducibles, no seu caso, respectivamente, figuran contabilizados en rúbricas específicas (conceptos non orzamentarios 10040, 10042, 20040 e 20049) separados do resto de créditos e débitos.

4.13.- Provisións e continxencias.

O importe dos dereitos pendentes de cobranza de difícil ou imposible recadación ven dado pola parte do saldo da conta 490 “Deterioración de valor de créditos. Operacións de xestión.”, que corresponda a dereitos de carácter orzamentario ou non orzamentario incluídos no cálculo do remanente de tesourería, que no noso caso coincide coa totalidade do importe do saldo citado, que ascende a 3.079.547,36 €.

Os criterios aplicados pola Deputación para a obtención da cifra anterior baséanse nas seguintes normas: Artigos 191.2 e 193 bis (engadido polo artigo 2 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración Local (LRSAL)) do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; artigo 103 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril; apartados 24.6.6 e 24.6.7 do contido da Memoria das contas anuais e apartado 3º de principios contables do marco conceptual da contabilidade pública da Instrución do modelo normal de Contabilidade local (ICAL), aprobado pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro; e a número 40, apartado terceiro das Bases de Execución do Orzamento de 2025 (BEP); e Real decreto lexislativo número 1/2020 do 5 de maio, Texto refundido da Lei Concursal (TRLC).

Así, consideráronse como dereitos pendentes de cobranza de difícil ou imposible recadación para este exercicio 2025, segundo anexo do informe emitido pola Viceintervención do 05/01/2026:
a) os dereitos recoñecidos por recursos propios recolleitos nos capítulos I e III do estado de ingresos que teñan unha antigüidade superior a un ano: 1.747.745,04 €.
b) os dereitos recoñecidos por transferencias de capital nos que o acto administrativo de recoñecemento e liquidación do dereito produciuse en exercicios anteriores a aquel que é obxecto de liquidación: 7.503,80 €.
c) os debedores por conceptos non orzamentarios nos que transcorra máis dun ano desde a acreditación das circunstancias que habilitan á Deputación para a realización material do dereito pendente de cobranza: 20.601,54 €
d) a totalidade co capítulo 5 por importe de 3.966,94 €.
e) a totalidade do capítulo 6 por importe de 1.299.730,04 €, entre os que destacan os dereitos recoñecidos do concepto 600, por non concluír a execución da sentenza 527/96, auto 88/12, por importe de 1.011.310,43 €.

Nota: Non se inclúen dereitos pendentes de cobranza de difícil ou imposible recadación, nos que lle consta á Deputación que o debedor se atopa nalgunha das situacións recollidas no Real decreto lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Concursal por non dispoñer de datos a esta data.

Doutra banda, figura na conta 1490 “Outras provisións a L/P” unha estimación efectuada pola Asesoría Xurídica das obrigacións que puidesen resultar como responsabilidades para a facenda provincial procedentes de litixios en curso. O importe da dotación efectuada por este concepto ascende a 813.644,49 €.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

4.14.- Transferencias e subvencións

As transferencias recibidas impútanse ao resultado do exercicio no momento en que se recoñece o dereito, ou no momento do cobro se este é de contraído simultáneo.
As subvencións recibidas neste exercicio consideráronse todas non reintegrables e a súa imputación a resultados realizouse da seguinte forma:

- Subvencións recibidas para financiar gastos correntes non asociados a ningún proxecto de gasto: imputáronse ao resultado do exercicio no momento en que se recoñeceu o dereito, ou a cobranza se este é de contraído simultáneo.
- Subvencións recibidas para financiar gastos correntes asociados a proxectos de gasto: imputáronse ao resultado deste exercicio en proporción ao gasto executado.
- Subvencións recibidas para financiar gastos de investimento: en xeral o criterio de imputación adoptado é en proporción á vida útil do ben.

  Excepcións a este criterio: proxectos de investimento realizados para financiar expropiacións de terreos para vías provinciais. Neste caso, ao seren os terreos non amortizables, optouse por imputar a resultados os ingresos en proporción ao gasto executado.

4.15.- Actividades conxuntas

No ano 2018 iniciouse unha actividade conxunta entre a Deputación da Coruña e o Instituto Municipal de Artes Escénicas do Concello da Coruña cuxo obxecto era a cooperación na xestión e utilización do Teatro Colón que tiña vixencia ata o 2 de xullo de 2020. Posteriormente, e a partir dese período, fíxose novo convenio para a mesma finalidade con duración ata decembro de 2020, que se prorrogou para o ano 2021.
O 29 de decembro de 2021 firmouse novamente un convenio co Instituto Municipal de Artes Escénicas do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón cunha vixencia do 1 de xaneiro do 2022 ata o 31 de decembro do 2023.
O 28 de decembro de 2023 asínase a prórroga do convenio 104/2021, cunha vixencia do 1 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro do 2024. Mediante acordo plenario de 20 de decembro de 2024, aprobouse unha nova prórroga do convenio con cunha vixencia do 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro do 2025.
Trátase de que o teatro quede plenamente integrado na rede pública de espazos culturais municipais. A programación das actividades a desenvolver é compartida de acordo coas bases que se establecen por convenio. A Deputación reservase a utilización do espazo en determinados días para a realización de actos propios e para a súa posible cesión aos concellos da Provincia e entidades sen ánimo de lucro.
A estes efectos non existe integración de saldos en contas anuais. Cada ente asume a parte do seu custo segundo convenio.
Para outras actuacións de colaboración de menor transcendencia, pódese consultar o rexistro de convenios na seguinte ligazón: https://www.dacoruna.gal/contratacion/convenios

4.16.- Activos en estado de venda.

No inmobilizado desta entidade non figura rexistrado ningún activo que se atope nesta situación.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Deputación DA CORUÑA

Fecha Obtención 29/04/2026

INMOVILIZADO MATERIAL

MODELO DEL COSTE **EJERCICIO: 2025**

PARTIDA BALANCE	SALDO INICIAL	ENTRADAS	AUMENTOS POR TRASPASOS DE OTRAS PARTIDAS	SALIDAS	DISMINUCIONES POR TRASPASOS A OTRAS PARTIDAS	CORRECCIONES VALORATIVAS NETAS POR DETERIORO DEL EJERCICIO	AMORTIZACIÓN DEL EJERCICIO	SALDO FINAL
2100	30.459.097,90	1.150.683,81	29.888,94	745.740,21	0,00	0,00	0,00	30.893.930,44
2110	26.552.570,81	184.222,48	3.625.249,69	40,00	0,00	0,00	818.918,47	29.543.084,51
2120	118.122.009,17	8.605,04	21.971.550,29	203.415,36	0,00	0,00	11.649.154,89	128.249.594,25
2130	4.512.442,34	0,00	119.649,89	0,00	0,00	0,00	77.758,46	4.554.333,77
2140	584.223,93	146.883,51	0,00	0,00	0,00	0,00	81.488,76	649.618,68
2150	165.399,52	122.224,72	0,00	0,00	64.515,80	0,00	41.472,78	181.635,66
2160	335.205,82	139.693,07	4.245,75	0,00	0,00	0,00	65.730,63	413.414,01
2170	505.120,49	679.375,89	1.781,02	0,00	0,00	0,00	357.911,28	828.366,12
2180	428.485,78	47.992,69	0,00	292.551,42	0,00	0,00	38.277,42	145.649,63
2190	2.736.741,49	166.205,42	15.752.874,39	460.618,90	0,00	0,00	9.315.521,03	8.879.681,37
2300	1.343.921,77	17.117,49	0,00	0,00	39.498,47	0,00	0,00	1.321.540,79
2310	5.683.115,64	2.003.922,94	0,00	0,00	7.049.902,10	0,00	0,00	637.136,48

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Deputación DA CORUÑA

INMOVILIZADO MATERIAL

MODELO DEL COSTE **EJERCICIO: 2025**

PARTIDA BALANCE	SALDO INICIAL	ENTRADAS	AUMENTOS POR TRASPASOS DE OTRAS PARTIDAS	SALIDAS	DISMINUCIONES POR TRASPASOS A OTRAS PARTIDAS	CORRECCIONES VALORATIVAS NETAS POR DETERIORO DEL EJERCICIO	AMORTIZACIÓN DEL EJERCICIO	SALDO FINAL
2320	40.803.024,26	14.956.552,16	0,00	0,00	37.454.810,34	0,00	0,00	18.304.766,08
2330	45.793,37	0,00	0,00	0,00	1.685,13	0,00	0,00	44.108,24
2340	207.584,59	0,00	0,00	0,00	207.584,59	0,00	0,00	0,00
2350	6.245.757,82	0,00	0,00	0,00	120.545,42	0,00	0,00	6.125.212,40
2370	0,00	81.757,28	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	81.757,28
2380	0,00	900.852,15	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	900.852,15
TOTAL	238.730.494,70	20.606.088,65	41.505.239,97	1.702.365,89	44.938.541,85	0,00	22.446.233,72	231.754.681,86

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Deputación DA CORUÑA

Fecha Obtención 13/04/2026

PATRIMONIO PÚBLICO DEL SUELO

MODELO DEL COSTE **EJERCICIO: 2025**

PARTIDA BALANCE	SALDO INICIAL	ENTRADAS	AUMENTOS POR TRASPASOS DE OTRAS PARTIDAS	SALIDAS	DISMINUCIONES POR TRASPASOS A OTRAS PARTIDAS	CORRECCIONES VALORATIVAS NETAS POR DETERIORO DEL EJERCICIO	AMORTIZACIÓN DEL EJERCICIO	SALDO FINAL
TOTAL								

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Deputación DA CORUÑA

Fecha Obtención 13/04/2026

INVERSIONES INMOBILIARIAS

MODELO DEL COSTE **EJERCICIO: 2025**

PARTIDA BALANCE	SALDO INICIAL	ENTRADAS	AUMENTOS POR TRASPASOS DE OTRAS PARTIDAS	SALIDAS	DISMINUCIONES POR TRASPASOS A OTRAS PARTIDAS	CORRECCIONES VALORATIVAS NETAS POR DETERIORO DEL EJERCICIO	AMORTIZACIÓN DEL EJERCICIO	SALDO FINAL
TOTAL								

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Deputación DA CORUÑA

Fecha Obtención 30/04/2026

INMOVILIZADO INTANGIBLE

MODELO DEL COSTE **EJERCICIO: 2025**

PARTIDA BALANCE	SALDO INICIAL	ENTRADAS	AUMENTOS POR TRASPASOS DE OTRAS PARTIDAS	SALIDAS	DISMINUCIONES POR TRASPASOS A OTRAS PARTIDAS	CORRECCIONES VALORATIVAS NETAS POR DETERIORO DEL EJERCICIO	AMORTIZACIÓN DEL EJERCICIO	SALDO FINAL
2030	276,22	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	86,87	189,35
2060	0,00	53.163,67	0,00	0,00	0,00	0,00	3.780,57	49.383,10
2070	95.980,45	0,00	3.341.458,23	0,00	0,00	0,00	3.985,88	3.433.452,80
2090	305.649,21	0,00	137.880,97	0,00	0,00	0,00	27.475,37	416.054,81
2099	0,00	46.037,32	0,00	0,00	46.037,32	0,00	0,00	0,00
TOTAL	401.905,88	99.200,99	3.479.339,20		46.037,32		35.328,69	3.899.080,06

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

Deputación DA CORUÑA

Fecha Obtención **21/04/2026**

Arrendamientos Financieros y otras operaciones de naturaleza similar

EJERCICIO **2025**

CLASE ACTIVO	IMPORTE RECONOCIMIENTO INICIAL	VALORACIÓN	OPCIÓN DE COMPRA (SI/NO)	ACUERDOS SIGNIFICATIVOS ARRENDAMIENTO FINANCIERO	NATURALEZA DE LOS ACTIVOS QUE SURGEN DE ESTOS CONTRATOS

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=d2da556c94e9ea27fcea495d23a99f7fa74e8509

MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 06/05/2026 12:09

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
